

# **Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello de Pontedeume**

## **Regulamento orgánico de participación cidadá.**

### **Título preliminar.**

#### **Disposicións xerais.**

- Art. 1.- Obxecto.
- Art. 2.- Dereitos dos veciños á participación.
- Art. 3.- Ámbito de aplicación do dereito á participación.

### **Título primeiro.**

#### **Das asociacións cidadás.**

- Art. 4.- Rexistro de asociacións.
- Art. 5.- Xestión do Rexistro de Asociación.
- Art. 6.- Procedemento de inscrición.
- Art. 7.- Alta no Rexistro de Asociacións.
- Art. 8.- Lexislación aplicábel.
- Art. 9.- Convenios de colaboración coas entidades para a prestación de servizos.

### **Título segundo.**

#### **Da información municipal e a participación cidadá.**

#### **Capítulo primeiro**

##### **Información**

- Art. 10.- Medios de información.
- Art. 11.-Servizo Municipal de Información e Atención Cidadá.
- Art. 12.- Publicidade das sesións plenarias.
- Art. 13.- Publicidade das sesións doutros órganos colexiados.
- Art.14.- Publicidade das sesións dos demais órganos complementarios.
- Art. 15.- Publicidade das convocatorias e acordos.

#### **Capítulo segundo**

##### **Os servizos municipais e a participación.**

- Art. 16.- Cartas de servizos municipais.
- Art. 17.- A oficina de información e atención cidadá.
- Art. 18.- Participación democrática a través de internet.
- Art. 19.- Medios de comunicación.
- Art. 20.- Peticións dos cidadáns.
- Art. 21.- Acceso á documentación municipal.

#### **Capítulo terceiro.**

##### **Participación en órganos de goberno municipal.**

- Art. 22.- Disposición xeral.
- Art. 23.- Límites

Art. 24.- Participación nas sesións plenarias

Art. 25.- Rogos e preguntas.

### **Título terceiro**

#### **De iniciativa cidadá.**

Art. 26.- Disposición xeral.

Art. 27.- Crédito orzamentario

Art. 28.- Procedemento

### **Título cuarto.**

#### **Da consulta popular.**

Art. 29.- Exercicio do dereito de consulta popular.

Art. 30.- Iniciativa da consulta popular.

Art. 31.- Lexislación aplicábel.

## **Regulamento orgánico de participación cidadá**

### **Título preliminar**

#### **Disposicións xerais**

#### **Artigo 1.- Obxecto.**

O obxecto do presente regulamento é o establecemento das normas que garanten aos veciños do concello o seu dereito á información sobre a actividade da Corporación, así como a participación de todos os cidadáns na vida local, de conformidade co establecido nos artigos 23 da Constitución; 1; 4.1.a); e 69 a 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

#### **Artigo 2.- Dereitos dos veciños á participación.**

O dereito dos cidadáns á participación nos asuntos públicos recoñécese no artigo 23 da Constitución e exércese directamente ou a través de representantes elixidos.

O dereito á participación non poderá menoscabar as facultades de decisión que lles corresponden aos órganos representativos e se manifesta nos seguintes dereitos:

- Dereito á información.

- Dereito á participación en sesións públicas municipais.

- Dereito a obter copias e consultar arquivos salvo nos casos en que afecte á seguridade do Estado, delitos ou intimidade das persoas.

- Dereito á consulta popular.

- Dereito á iniciativa cidadá.

- Dereito das entidades ao uso de medios públicos, a axudas económicas e á participación na xestión.

#### **Artigo 3.- Ámbito de aplicación do dereito á participación.**

Os dereitos enumerados no artigo 1, salvo o dereito á consulta popular e a iniciativa cidadá, recoñécenselle a toda persoa que poida acreditar un interese lexítimo, sen que se requira estar no municipio.

### **Título primeiro**

#### **Das asociacións cidadás**

#### **Artigo 4.- Rexistro de asociacións.**

Os dereitos recoñecidos pola lei e por este regulamento ás entidades asociativas para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio, só se poderán exercitar por aquelas que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

Poderán obter a inscrición no rexistro todas aquelas asociacións que teñan por obxecto a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio.

**Artigo 5.- Xestión do Rexistro de Asociación.**

O rexistro é responsabilidade do secretario xeral da Corporación que o xestionará en colaboración co servizo ou servizos que teñan a cargo o fomento da participación cidadá.

**Artigo 6.- Procedemento de inscrición**

1. A solicitude de inscrición presentarse nas oficinas do Rexistro Xeral do concello.

2. As inscricións realizaranse por solicitude das asociacións interesadas que haberán achegar a seguinte documentación:

- a) Estatutos da asociación, debidamente legalizados, nos que deben expresarse os ámbitos de actuación.
- b) Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e outros rexistros públicos.
- c) Apelidos, nome, DNI, teléfono e domicilio das persoas que ocupen cargos directivos.
- d) Domicilio social da asociación.
- e) Programa anual de actividades que ha desenvolver a asociación.
- f) Certificación do número de socios.
- g) Presuposto anual polo miúdo de ingresos e gastos da asociación
- h) Número CIF e datos bancarios, se é o caso.

**Artigo 7.- Alta no Rexistro de Asociación.**

1. No prazo dun mes dende a solicitude de inscrición, agás que esta se interrompa pola necesidade de achegar documentación non incluída inicialmente, o concello notificaralle á asociación o seu número de inscrición e a partir dese momento considerarase de alta para todos os efectos.

2. O incumprimento destas obrigas e requisitos dará lugar a que o concello poida dar de baixa á asociación no rexistro.

3. Ao comezo de cada ano notificaránselle ao concello os cambios producidos nos requisitos esixidos no artigo 6. Calquera modificación, durante o ano, dos requisitos mínimos sinalados neste artigo deberáselle notificar ao concello nun prazo máximo de trinta días.

**Artigo 8.- Lexislación aplicábel.**

A existencia deste rexistro está vencellada á aplicación e desenvolvemento das normas contidas no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, que establece que as asociacións poderán ser declaradas de utilidade pública municipal.

**Artigo 9.- Convenios de colaboración coas entidades para a prestación de servizos.**

1. Facilitarase e promoverase a concertación coas asociacións para a prestación de servizos á poboación. Fomentaranse especialmente os convenios que impliquen a participación do voluntariado das entidades nas actuacións de benestar social.

2. Os convenios que teñan por obxecto a xestión de servizos municipais e ademais leven emparellada a prestación económica por parte do concello ou outros ingresos para a entidade, terán que someterse ás normas de pública concorrência e á Lei de contratos das administracións públicas.

**Título segundo**

**Da información municipal e a participación cidadá**

## **Capítulo I** **Información**

### **Artigo 10.- Medios de información.**

O concello informará os cidadáns da súa xestión a través de cantos medios se considere necesario; medios de comunicación social, edición de boletíns, revistas, folletos e bandos.

### **Artigo 11.- Servizo Municipal de Información e Atención ao Cidadán.**

Existirá un Servizo Municipal de Información e Atención ao Cidadán que terá as seguintes funcións:

- Informar o público sobre os fins, competencias e funcionamento dos distintos órganos e servizos dependentes do concello.
- Atender as queixas ou suxestións para o cal disporán dun libro de Queixas e suxestións.

### **Artigo 12.- Publicidade das sesións plenarias.**

1. As sesións do Pleno son públicas salvo nos casos dispostos no art. 70.1 da Lei reguladora de bases de réxime local. Facilitaráselle a asistencia ou información ao público interesado en coñecer o desenvolvemento das sesións, a través dos medios que se consideren máis axeitados.

2. Os representantes dos medios de comunicación terán acceso preferente, e recibirán as máximas facilidades para o cumprimento do seu traballo.

### **Artigo 13.- Publicidade das sesións doutros órganos Colexiados.**

Non son públicas as sesións da Xunta de Goberno Local, nin das Comisións Informativas. Agora ben, ás sesións destas últimas poderán asistir representantes das asociacións ao que se refire o artigo 72 da Lei reguladora de bases de réxime local nos termos expresados no artigo 24 do presente regulamento.

### **Artigo 14.- Publicidade das sesións dos demais órganos complementarios.**

Poderán ser públicas as sesións dos demais órganos complementarios e entidades municipais nos termos que dispoña a lexislación e as regulamentacións ou acordos plenarios polos que se rexan.

### **Artigo 15.- Publicidade das convocatorias e acordos.**

1. As convocatorias e ordes do día das sesións do Pleno e demais órganos Colexiados transmitiranse aos diferentes órganos municipais, aos medios de comunicación da localidade, e faranse públicas no taboleiro de anuncios do concello. Tamén se remitirán ás asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións cando así o soliciten expresamente.

2. Sen prexuízo do establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, o concello dará publicidade resumida do contido das sesións plenarias e de todos os acordos do Pleno e da Xunta de Goberno, así como das resolucións do alcalde, e dos que, por delegación súa, diten os concelleiros-delegados.

Para iso se utilizarán os seguintes medios:

- a) Exposición no taboleiro de anuncios do concello.
- b) Publicación nos medios de comunicación social de ámbito municipal.
- c) Publicación na páxina web do concello.

## **Capítulo II** **Os servizos municipais e a participación**

### **Artigo 16.- Cartas de servizos municipais.**

Elaboraranse e publicaranse as cartas de servizos municipais que se ofrecen aos cidadáns. Constarán claramente a forma de acceso, os dereitos que se recoñecen e os

compromisos municipais no que atinxe a prazos de atención e de resolución dos asuntos, incluídos os dos pagamentos que lle correspondan ao concello.

**Artigo 17.- A oficina de información e atención cidadá.**

A oficina de información e atención cidadá é o vehículo habitual para o exercicio dos dereitos de información e de petición. Esta oficina centraliza a información actualizada sobre os servizos e actividades municipais e sobre o acceso a outras administracións.

**Artigo 18.- Participación democrática a través de internet.**

A páxina web municipal e o correo electrónico son novas ferramentas para a información, os trámites e a comunicación entre os cidadáns e o concello.

O concello facilitará a través da rede, información sobre a propia actividade e tamén dará información das actividades de todas as entidades sempre que estas requiran a súa publicación.

A edición de páxina web será regulada baixo os criterios de fomento da información, promoción do tecido asociativo e principio de non discriminación.

**Artigo 19.- Medios de comunicación.**

O concello, dará a publicidade que legalmente lle corresponda a cada asunto con anuncios e editos no taboleiro de anuncios da Corporación, nos boletíns oficiais e nos xornais de maior difusión. Ademais transmitiralles a información útil aos cidadáns a través dos instrumentos máis adecuados en cada caso.

**Artigo 20.- Peticións dos cidadáns.**

As peticións poderán versar sobre calquera materia ou asunto comprendido no ámbito das competencias municipais.

Serán inadmisíbeis as peticións alleas ás competencias municipais ou que deban ser obxecto legalmente dun procedemento administrativo ou xudicial ou ben que se refiran a procedementos en curso.

Para as peticións nas que así se estableza, deberá observarse o trámite específico que estea prescrito legalmente.

As peticións formularanse por escrito a través de calquera soporte (papel, magnético, correo electrónico) que permita acreditar a súa autenticidade e incluírá necesariamente a identidade do solicitante. Se a petición é colectiva asinarana todos os peticionarios, debendo figurar nomes e apelidos.

**Artigo 21.- Acceso á documentación municipal.**

1. Toda persoa que acredite a súa condición de interesada poderá obter as copias e certificacións acreditativas dos acordos adoptados polo concello.

2. Tamén, cando se acredite un interese directo poderase solicitar a consulta da documentación pública dos arquivos e dos rexistros municipais e obter copia.

**Capítulo III**

**Participación en órganos de goberno municipais**

**Artigo 22.- Disposición xeral.**

As entidades cidadás poderán realizar calquera tipo de proposta que estea relacionada con temas que afecten ao seu barrio, parroquia ou ao municipio en xeral. Estas realizaranse por escrito para os efectos de que as devanditas propostas sexan tratadas polo órgano competente.

### **Artigo 23.- Límites.**

En ningún caso as propostas poderán defender intereses corporativos ou de grupos, por encima dos intereses xerais da cidadanía.

### **Artigo 24.- Participación nas sesións plenarias.**

Cando algunha das asociacións ou entidades a que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, desexe efectuar unha exposición perante o Pleno, en relación con algún asunto da orde do día, en cuxa tramitación administrativa tivera intervido como interesada, deberá solicitarllo á Alcaldía cunha antelación mínima de 24 horas á celebración do Pleno.

Coa autorización da Alcaldía, e a través dun único representante, poderá expoñer o seu parecer durante o tempo máximo que sinala a Alcaldía con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

### **Artigo 25.- Rogos e preguntas.**

Finalizada a sesión o alcalde poderá establecer unha rolda de rogos e preguntas co público asistente sobre temas concretos de interese municipal.

## **Título terceiro** **Da iniciativa cidadá**

### **Artigo 26.- Disposición xeral**

A iniciativa cidadá é aquela forma de participación pola que os cidadáns lle solicitan ao concello que leve a cabo unha determinada actividade de competencia e interese público municipal.

### **Artigo 27.- Crédito orzamentario.**

O concello habilitará anualmente nos seus orzamentos unha partida para sufragar aquelas actividades que se realicen por iniciativa cidadá.

### **Artigo 28.- Procedemento.**

Os veciños que gocen do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais poderán exercer a iniciativa popular, presentando propostas de acordos ou actuacións ou proxectos de regulamentos en materias da competencia municipal. As devanditas iniciativas deberán ir subscritas polo menos pola seguinte porcentaxe de veciños do concello: o 15 por 100.

Tales iniciativas deberán ser sometidas a debate e votación no Pleno, sen prexuízo de que sexan resoltas polo órgano competente por razón da materia. En todo caso, requirirase o informe previo de legalidade do secretario do concello, así como o informe do interventor cando a iniciativa afecte a dereitos e obrigas de contido económico do concello. Nos concellos aos que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, o informe de legalidade emitirao o secretario xeral do Pleno e cando a iniciativa afecte a dereitos e obrigas de contido económico, o informe será emitido polo interventor xeral municipal.

O disposto neste apartado entenderase sen prexuízo da lexislación autonómica nesta materia.

Tales iniciativas poden levar incorporada unha proposta de consulta popular local que será tramitada en tal caso polo procedemento e cos requisitos dispostos no artigo 71 da Lei 7/1985.

## **Título cuarto** **De consulta popular**

### **Artigo 29.- Exercicio do dereito de consulta popular**

De acordo coa lexislación do Estado e da comunidade autónoma, cando esta teña competencia estatutariamente atribuída para isto, os alcaldes, tras acordo previo da maioría absoluta do Pleno e autorización do Goberno da Nación, poderán someter a consulta popular aqueles asuntos da competencia propia municipal e de carácter local

que sexan de especial relevancia para os intereses dos veciños, con excepción dos relativos a facenda local.

**Artigo 30.- Iniciativa da consulta popular.**

A iniciativa pode vir da propia Corporación ou dunha asociación ou grupo de cidadáns que reúna un número de sinaturas que, como mínimo acade o 5% do censo electoral.

Os asinantes deberán estar empadroados e reunir os requisitos para seren electores, segundo a lexislación electoral.

**Artigo 31.- Lexislación aplicábel.**

No non establecido no presente título, estarase ao disposto na lexislación do Estado e da comunidade autónoma, especialmente na Lei orgánica 2/1980, do 18 de xaneiro, reguladora das distintas modalidades de referendo e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.